

*Resolución do 11 de decembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de Artes plásticas e deseño (595), especialidades de deseño Gráfico (512), fotografía (515), historia da arte (516), medios audiovisuais (521) e medios informáticos (522).*

Por unha Resolución do 8 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de Artes plásticas e deseño (595), especialidades de deseño Gráfico (512), fotografía (515), historia da arte (516), medios audiovisuais (521) e medios informáticos (522).

Por unha resolución do 19 de novembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións e publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para presentar alegacións contra a citada resolución provisional e revisadas as alegacións presentadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento reseñado no parágrafo anterior, e facela pública no portal de Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo da lista de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de Artes plásticas e deseño (595), especialidades de deseño Gráfico (512), fotografía (515), historia da arte (516), medios audiovisuais (521) e medios informáticos (522).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicado no apartado anterior.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
José Manuel Pinal Rodríguez

